

Marusía



André

Andrea-Puy

Erica

Eva

María

Alicia

Miguel

EQUIPO DE NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA

I.E.S. Rosalía de Castro

Levan demasiado tempo fóra.

O inverno está sendo longo.

Os correos non trouxeron boas novas.

Non hai que desesperar. Confiemos en Deus.



¿Por que non miras na auga de sabedoría?

Non podo. O cofre sagrado só pode ser aberto en caso de extrema necesidade.

¿E como imos saber se están en perigo se non miramos na auga de sabedoría?




É certo. ¿Por que non miras, nai?

Non insistades. O cofre non se abre e xa está.


¿Hai algunha noticia?

Nada. Os mensaxeiros din que a mar está brava e que os ventos non son favorables para que pai volte.






Os criados din que na taberna do león negro viron a un mariñeiro que ía embarcado co noso pai.



Se cadra naufragaron e só se salvou ese mariñeiro.

Non digas iso nin en broma.



Sería cousa de atopar a ese mariñeiro.



Mentres, un home recorre as rúas da vila.



¿Sabes cal é a casa do capitán Ramiro Pombo?

¿Quen pregunta?



¿Que importa iso?

Perdoa. Non coñezo a ese capitán.

Mellor será que fagas memoria.

Dígolle que non sei quen é.



Non te alporices. Eu son un mariñeiro da súa trípulación.

Agarda.

Sóltame ou berro.



¿Recoñeces isto?

Non sei se creerte.

O escudo da súa familia.



Teño que levarlle noticias á súa esposa.

A casa do capitán Pombo está ó final desta rúa.





Unha porta marrón,
de dúas follas.



¿Que desexa?

Veño falar coa muller
do capitán Pombo.



Agarde aquí.

Prefiro esperar
dentro. Aquí vai
moito frío.



Pero non pode entrar.

Corre dicirlle á túa
ama que quero
falar con ela. Agora
mesmo.



Sente aí... se quere.

Espabila.



Ese home é un asasino.



¿A onde vas con tanta présa?

Que susto.



Crín que era un tolo que acaba de entrar.

¿Que estás dicindo?



Un home con moi mala pinta. Chamou á porta e dixo que quería falar coa señora...



... mandeino agardar fóra pero empuxoume e está no corredor.



Vai avisar a miña nai. Corre.

Si, señor.



Non me gusta nada a cara dese tipo.

Señora, un home quere vela.

Esta sempre tan oportuna.



É moi importante, señora.



Señora, está dentro. É moi agresivo.

Agora non estou para visitas.



Empuxoume, señorita.

¿E quen di ser?

¿E por que o deixaches pasar?



Non se presentou, señora.



Faino pasar. Nesta casa ninguén entra a empuxóns.

Teño medo.



Vós, caladas.

Señor.



Ah. Que susto.

Vaia. Este debe de ser o valente fillo do capitán.



¿Coñece a meu pai?

Polo que di, nunca quixeches embarcar.



Maréome.

¿Onde está túa nai, cagainas?



Está no xardín, señor. Acompáñeme, por favor.



Por aquí.



¿Non nos acompañas?



Non está mal a casíña.



Sígame.

Xa vou eu só. Sígueme ti a min, se queres.





O barco do seu esposo afundiú na costa de Francia. Eu son o único supervivente.

Mamá. Mamá.

Non pode ser certo.



A tormenta non paraba. As ondas facían do barco un xoguete.



¿Cantos homes fan no barco?

Éramos corenta mariñeiros e mailo capitán.



O seu home non quixo abandonar o barco.



Meu Deus.

¿Que vai ser de nós?



Eu agarreime a un arcón.
Foí o que me salvou.



Agradézolle que nolo viñese contar. De non ser
por vostede pasaríamos a vida esperando.



Se me disculpan,
teño que deixalos.

Acompaña a este amigo á porta.



Non se preocupen.
Sei o camiño.

Filos da
miña alma.

Eu hei de coidar
de vós.



Entre todos habemos de saír adiante.

Papá sabía o risco que corría, por
iso nos deixou o seu tesouro: a
auga de sabedoría.



O cofre quedou no
xardín. Valno buscar.



Agora si que podemos abrir o cofre. A nosa vida depende del.



Non temades. Todo o mundo coñece os poderes da auga de sabedoría.

Señora, un mensaxeiro acaba de traer isto.



É do voso pai. Está vivo.



O barco acaba de chegar a porto sen novidade.



Entón o que dixo ese home...



... era todo mentira. Pero ¿para que inventou esa historia?



Señora, o cofre non está.